AXUDAS A PYMES E AUTONOMOS POR COVID 19

- POR CESE DE ACTIVIDADE OU “PARO PARA AUTÓNOMOS”

Para persoas autónomas que vexan os seus ingresos reducidos nun 75% pola crise do coronavirus. A cantidade a percibir calcularase tomando como base a media mensual de cotización dos últimos seis meses.

Requisitos a cumprir:

- O traballador/a ten que estar ó día nos pagos á Seguridade Social.
- Estar de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) no momento no que se decretou o Estado de Alarma o pasado 14 de marzo.

- APRAZAMENTOS APROBADOS

Os autónomos poderán aprazar as débedas que xa tiveran coa Seguridade Social. Aqueles ingresos que os traballadores por conta propia tiveran que facer entre abril e xuño do presente exercicio poderán aprazarse aplicando un 0,5% de interese.

Tamén se aprobou unha moratoria de seis meses para facer fronte ás obrigas coa Seguridade Social de maio, xuño e xullo. A esta moratoria non se lle aplicarán nin recargas nin intereses e poderán acollerse a ela tanto autónomos como empresarios.

- PLANS DE PENSIÓN

Tanto autónomos como empresarios que se visen obrigados a pechar os seus negocios poden rescatar os seus plans de pensións.

- HIPOTECAS

Suspéndese o pago de hipotecas durante tres meses para os autónomos afectados. Deberase acreditar unha perda substancial de ingresos ou caída da súa facturación de, polo menos, un 40% e poderá facelo mediante declaración responsable que acredite a

súa vulnerabilidade.

Tras finalizar o estado de alarma e as súas prórrogas disporá do prazo dun mes para aportar os documentos que non facilitase no momento da solicitude.

- FINANCIAMENTO

O Goberno anunciou unha serie de avais, por valor de 10.000 millóns de euros, que cubrirán o 80% dos riscos que se asocien aos préstamos que os bancos concedan a autónomos e PYMES.

Onde solicitalo?

Autónomos e PYMES deberán solicitar este financiamento directamente nas entidades bancarias.

TELÉFONOS DE ATENCIÓN AO CLIENTE DAS PRINCIPAIS ENTIDADES

Abanca: 981 910 522

BBVA: 912 249 426

Banco Sabadell: 963 085 000

Banco Santander: 915 123 123 / 912 737 176

CaixaBank: 900 404 090

- BONO SOCIAL ELÉCTRICO

O Bono Social Eléctrico é un desconto aplicado na factura da luz que do que ata este momento só se podían beneficiar as familias na súa vivenda habitual.

Agora tamén poderán solicitalo aqueles autónomos que tivesen que pechar ou visen os seus ingresos reducidos, polo menos, nun 75% en relación ao semestre anterior. Este dereito extinguirase cando deixen de darse as circunstancias referidas, estando obrigado o beneficiario a comunicalo á comercializadora.

Tamén poderán suspender o pago das facturas da luz e o gas durante seis meses, para iso deberán poñerse en contacto ca comercializadora que emite a facturación do subministro.

Como solicitalo?

Mediante correo electrónico

Consultar máis información ó respecto nas web da comercializadora ca se queira contratar o subministro.

Naturgy: Gas&Power Comercializadora Regulada, S.A.
Endesa: Energía XXI Comercializadora de Referencia, S.L.U.
Iberdrola: Curenergia Comercializador de Último Recurso, S.A.U.
EDP: Baser Comercializadora de Referencia, S.A.
Repsol: Regsiti Comercializadora Regulada, S.L.U.
CHC Comercializador de Referencia S.L.U.
Teramelcor, S.L. (só en Melilla)
Energía Ceuta XXI Comercializador de Referencia, S.A. (só en Ceuta)

- AUTÓNOMOS AFECTADOS POR CORONAVIRUS

Os traballadores por conta propia que enfermen por COVID-19 será considerado como accidente laboral e poderán cobrar unha prestación por baixa laboral. A principal diferencia en caso de que se considerara enfermidade común é que o autónomo nestes casos recibe a prestación a partir do cuarto día e a contía é o 60% da base reguladora.

- BONIFICACIÓNS EN CONTRATOS ANTERIORES

Os contratos fixos descontinuos firmados con anterioridade á crise do coronavirus que tiñan certas bonificacións, manterán ditas bonificacións ata o mes de xuño segundo a Seguridade Social.

- PRAZAMANTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

O Consello de Ministros do 14.04.2020 apraza as obrigas tributarias do primeiro trimestre ata o 20.05.2020 e as do segundo trimestre ata o 20.07.2020.

Os autónomos que teñen o prazo domiciliado váiselle aprazar a data de cobro.

CONTACTOS DE INTERESE

SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal)

Cidadanía: 900 812 400

Empresas: 900 812 401

www.sepe.es

INSS (Instituto Nacional de la Seguridade Social)

T. 901 10 65 70

www.seg-social.es